



ROGO PARA REMATAR OS TRABALLOS DE REPOSICIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO NA RÚA ENTREPEXIGOS

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tradicional estreiteza da rúa Entrepexigos vese acentuada desde hai meses pola existencia dunha burata na parte central da súa traza, ocasionada polos traballos levados a cabo para reparar unha avaría na rede de abastecemento de auga.

A situación causa malestar entre a veciñanza que sofre a demora do remate dunha reparación que segundo din permanece así desde hai máis de un ano. O tempo transcorrido evidénciase na vexetación que inzou entre os cascallos e na acumulación de lixo, mesmo en bolsas de plástico, que pouco a pouco van enchendo a burata, ante a inacción municipal.

As persoas que residen na zona quéixanse de que, ás reiteradas incidencias que se veñen producindo no servizo de abastecemento na zona, se una agora este abandono á hora de rematar os traballos, posto que unicamente se teñen colocado unhas proteccións plásticas que apenas atenúan o perigo dunha profunda gabiá que ocupa boa parte da calzada e deixa á vista os cimentos da edificación máis inmediata (acompañáanse unhas imaxes ao respecto).

Como consecuencia do anterior, o Grupo Municipal Popular formula o seguinte rogo:

Que por parte do Goberno se proceda a adoptar as medidas necesarias para abordar canto antes o remate dos traballos levados a cabo para a reposición do servizo de abastecemento, tapando a burata creada e repoñendo o firme, ao tempo que atenda ás demandas da veciñanza para garantir unha mellora do servizo de abastecemento na procura de evitar novas reparacións e inconvenientes no futuro.

Santiago de Compostela, a 4 de outubro de 2018

María Teresa Cancelo Márquez
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRAFICO

